

30-12-2021

INFORMACION

RESTRINCIONS HOSTLERIA

A Xunta publicou onte a última hora as novas medidas de restrincións que entran en vigor mañá 31 de decembro as 0:00 horas e ata o 18 de xaneiro do 2022.

HOSTELERIA E RESTAURACION

Hora de peche noitevella, venrés e sábados a 01,00 horas e non poderán abrir o día 1 de xaneiro ata as 9,00 horas. No resto dos días hora de peche as 00:00 horas. Obrigatoriedade de presentar certificado Covid ou probas para acceder a estes establecementos a todas as horas, e non só a partir das 21:00. Manter o aforo nas mesas de 8 persoas no interior e 10 no exterior. Non se pode consumir nas barras dos establecementos.

OCIO NOCTURNO (Discotecas, pubs, salas de festas, cafés-espectáculos-concerto) Poderán elexir entre:

a) pechar os días 30-31-1-2 e recibir subvencións a solicitar en xaneiro e con previsión de cobro en febreiro en función dos m2 do local. Máis detalle que lle enviamos na mensaxe individual os afectados.

b) Ou abrir ata as 03:00 horas todos os días.

O resto dos días poden abrir unhas e outras ata as 03:00 ca obrigatoriedade do certificado covid e máscaras e mantemento de distancia de seguridade.

"TOQUE DE NON QUEDA"

Limitación de reunión entre persoas non conviventes entre as *3:00 e 6:00 horas* en espazos públicos(rúas) nen privados(casas ou establecementos), salvo as excepcións habituais, pendente de aval xa solicitado ao TSXG.

-Cambíase a 7 días os confinamentos das persoas infectadas ou contacto con estas de covid.